

Consideramos insuficiente esta oferta na situación actual

PROGRAMA ESPECIAL PARA ENFERMEIROS/AS POLA REALIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE XORNADA COMPLEMENTARIA DURANTE O NADAL, EN UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN E DETERMINADAS ÁREAS ESPECIAIS

O Programa Especial para **enfermeiras/os** (debido á indispoñibilidade deste persoal) pola **realización extraordinaria de xornada complementaria durante o Nadal** como consecuencia da afectación epidemiolóxica en unidade de hospitalización e determinadas áreas especiais, recolle as seguintes retribucións:

Quenda mañá-tarde (7 horas)		Quenda noite (10 horas)	
laborable	Festivo *	Laborable *	noite sábado e prefestiva *
136,22	206,01	236,50	264,30

* festivo, noite e prefestivo inclúen o valor módulo correspondente

Despois de que CIG-SAÚDE fixese a consulta de **como van pagar os días de especial significación**, desde a Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS infórmannos do seguinte:

A mañá e a tarde dos días: 24 e 31 de decembro:	Aboarase a cuantía dun festivo 206,01 €
A noite do 24 e 31 de decembro:	Engadiráse á noite prefestiva un módulo de festivo adicional $264,30 + 69,79 = \mathbf{334,09 €}$
Os días: 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro:	Engadirase ao valor do festivo un módulo de festivo adicional $206,01 + 69,79 = \mathbf{275,80 €}$